

# O PROFESORADO DE TECNOLOXÍA REXEITA COMPLETAMENTE O ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN

EN PROTESTA POLO ANTEPROXECTO DA LOE, O PROFESORADO DE TECNOLOXÍA CONVOCA PARA O VENRES 3 DE XUÑO NA PRAZA DO TOURAL (SANTIAGO DE COMPOSTELA) UNHA EXPOSICIÓN DE PROXECTOS NA RÚA A PARTIR DAS 18 h E UNHA CONCENTRACIÓN DO PROFESORADO ÁS 19:00 h.

A **Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia (APETEGA)** maniféstase en contra do Anteproxecto de Lei Orgánica de Educación, no que considera que se toman unhas decisións erróneas e contradictorias no que concerne ó ensino da área de Tecnoloxía.

O devandito Anteproxecto recoñece a importancia e necesidade na formación en Tecnoloxía para toda a cidadanía do século XXI, pero impide e limita o acceso a esta formación á meirande parte do alumnado pois:

- Desaparece a área de Tecnoloxía dos tres primeiros cursos da ESO
- Cambian o nome global da área de Tecnoloxía polo pouco axeitado e específico nome de “procesos tecnolóxicos e informáticos”
- Relegan a educación tecnolóxica a só un dos tres primeiros cursos.
- Permiten unha desequilibrada división en dous, por unha banda Tecnoloxía e por outra Informática.
- Desaparece a modalidade de Tecnoloxía no bacharelato.

Todo isto en contra da opinión do profesorado que ten o labor de ensinar tecnoloxía, en contra das recomendacións internacionais respecto á educación tecnolóxica, desoíndo os informes que avisan do atraso tecnolóxico que sofre o país, desoíndo o manifesto apoio á educación tecnolóxica en secundaria das escolas de enxeñería, colexios oficiais, e institucións relacionados coa Tecnoloxía, ou en contradición coa política científico-tecnolóxica do propio goberno.

Lamentablemente, o propio Ministerio de Educación recoñeceu nunha recente entrevista con representantes da Plataforma Estatal de Asociacións do Profesorado de Tecnoloxía que estas decisións foron tomadas unicamente por motivos de presións de determinados colectivos, e porque cren que estas decisións lles favorecen politicamente.

O Ministerio de Educación tamén está lanzando avisos á opinión pública dicindo que non vai a haber redución horaria para a área de Tecnoloxía, cando tal cousa é rotundamente falsa, pois non nos saen as falaces contas que eles realizan.

APETEGA, integrada na Plataforma Estatal de Asociacións do Profesorado de Tecnoloxía, PEAPT, **reclama** xunto ao resto das asociacións de todo o estado:

- Que se tomen a educación en Tecnoloxía coa seriedade e consideración que se merece e amosen respecto ao profesorado desta especialidade.
- Que non se tomen decisións que afecten á educación deste país xustificadas unicamente en base a presións corporativistas ou intereses propagandísticos.
- O mantemento do nome de Tecnoloxía para a área
- A non segregación de ningún dos seus contidos e o mantemento do seu carácter global.
- Protexer e potenciar a Educación Tecnolóxica como área de estudio obrigatoria e troncal na ESO
- A presenza das materias de tecnoloxía actuais na modalidade de Ciencia e Tecnoloxía do bacharelato e en todos os centros.

Para facer públicas estas reclamacións e amosar a toda a sociedade os contidos que se traballan diariamente nesta área, APETEGA convoca unha concentración e unha exposición pública de proxectos tecnolóxicos, realizados polo alumnado galego de ESO.

2 de xuño de 2005. **APETEGA**. Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia. **Tfno:** 678 62 10 06

Web: <http://www.geocities.com/apetega/> Correo: [a\\_p\\_e\\_t\\_e\\_g\\_a@yahoo.es](mailto:a_p_e_t_e_g_a@yahoo.es)  
 Plataforma Estatal **PEAPT:** [www.sialatecnologia.org](http://www.sialatecnologia.org) contacto@[sialatecnologia.org](mailto:sialatecnologia.org)